

Orde do 6 de xullo de 2006 pola que se aproban as bases e se convocan as subvencións complementarias destinadas a xente moza adquirente de vivendas de protección pública.

A Consellería de Vivenda e Solo ten atribuídas todas as competencias en materia de vivenda e solo. No exercicio destas considera prioritario favorecer o acceso á vivenda digna da súa cidadanía, dando así cumprimento ao mandato constitucional e estatutario.

É atención preferente da Consellería de Vivenda e Solo apoiar o colectivo de xente moza para facer fronte á decisión de acceder a unha vivenda, que permita a súa autonomía e construción de vida propia, instrumentando subvencións complementarias aos plans de vivenda e continuando agora coa liña de subvencións en beneficio dos mozos de baixo poder adquisitivo que accedesen en propiedade a unha vivenda financiada ao amparo dos plans estatais de vivenda anteriores ao Plan de vivenda 2002-2005 e no período que se determina.

A Orde do 11 de febreiro de 2005 xa regulou para o dito ano as axudas complementarias destinadas a xente moza adquirente de vivendas de protección pública.

En virtude do anterior, logo dos informes preceptivos segundo o Decreto 287/2000, do 21 de novembro e a orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 9 de decembro de 1993, e en uso das referidas autorizacións,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras, que terán vixencia indefinida, e a convocatoria para o ano 2006 das subvencións complementarias destinadas a xente moza adquirente de vivendas de protección pública no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, en réxime de concorrencia non competitiva.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

1. A adquisición, adxudicación ou promoción para uso propio de vivendas de protección oficial de promoción privada.

2. A adquisición, adxudicación ou promoción para uso propio de vivendas declaradas protexidas pola comunidade autónoma.

3. A adquisición protexida doutras vivendas xa construídas e de vivendas a prezo taxado.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán resultar beneficiarios das subvencións as persoas físicas adquirentes, adxudicatarios ou promotores para uso propio que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que o solicitante e, se é o caso, os demais membros da unidade familiar, acrediten unha idade non superior a 35 anos na data de formalización da escritura pública de compravenda, de adxudicación ou, se é o caso, de obra nova rematada.

2. Que os ingresos anuais ponderados da unidade familiar non excedan de 21.000 euros.

3. Que obtivesen préstamo cualificado coa debida conformidade do Ministerio de Fomento con cargo aos convenios dos correspondentes plans de vivenda, anteriores ao Plan Estatal de Vivenda 2002-2005, debendo estar formalizado entre o 1 de xaneiro de 1999 e a data de presentación, dentro do prazo,

da solicitude destas subvencións, e en período de amortización.

4. Que a vivenda se destine a residencia habitual e permanente do adquirente, adxudicatario ou promotor para uso propio.

5. Que non solicitasen as devanditas axudas ao abeiro das ordes do 22 de setembro de 2000, do 18 de xullo de 2001, do 13 de xuño de 2002, do 20 de marzo do 2003, do 10 de marzo de 2004 e do 11 de febreiro de 2005, coa excepción daqueles casos en que as solicitudes remataron o seu procedemento sen obter ningún beneficio.

Artigo 4º.-Requisitos.

1. Os ingresos determinantes do dereito a obter a subvención virán referidos aos ingresos familiares anuais que se ponderarán segundo se establece no punto 2 deste artigo. Os ingresos familiares obteranse da declaración da renda de todos os membros da unidade familiar referida ao último período impositivo con prazo de presentación vencido na data da solicitude desta subvención. O cálculo farase sumando a parte xeral e especial, reguladas nos artigos 39 e 40, e restando á cantidade resultante a redución prevista no artigo 51, preceptos estes do texto refundido do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004.

Se o interesado non presentase declaración da renda por non estar obrigado a iso, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante declaración responsable relativa ás contías arriba mencionadas, sen prexuízo de ter que achegar os documentos acreditativos que se establecen para a súa comprobación no artigo 11 e) desta orde.

2. Aos ingresos determinados na forma prevista no punto anterior aplicarase o seguinte coeficiente multiplicador de ponderación en función do número de membros da unidade familiar:

Familias dun membro: 1,00.

Familias de dous membros: 0,97.

Familias de tres membros: 0,93.

Familias de catro membros: 0,90.

Familias de cinco membros: 0,87.

Familias de seis ou máis membros: 0,83.

3. Para os efectos desta orde, a unidade familiar enténdese tal e como resulta definida polas normas reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As referencias á unidade familiar, para efectos de ingresos, fanse extensivas ás persoas que non estean integradas en ningunha unidade familiar así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

Artigo 5º.-Subvención.

A contía das axudas en forma de subvención será de 1.500 euros por vivenda para os beneficiarios que cumpran os requisitos especificados nesta orde.

Artigo 6º.-Tramitación.

1. Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, examinadas estas e, á vista da documentación presentada e logo das comprobacións e inspeccións oportunas, o delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo elevará a proposta de concesión de subvención de cada expediente, no caso de cumprirse os requisitos exixidos, ou proposta de denegación motivada, nos supostos de incumprimento, á conselleira, quen, á vista delas e tendo en conta os recursos económicos dispoñibles na

correspondente aplicación orzamentaria, resolverá o que conforme dereito proceda.

Serán obxecto de denegación as solicitudes presentadas que queden sen cobertura orzamentaria.

Contra a resolución da conselleira, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderá ser impugnada directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, consonte o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. O prazo máximo para resolver será de tres meses. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase resolución expresa, os interesados que solicitasen as subvencións convocadas por esta orde poderán entender desestimada a súa solicitude.

3. Ditada a resolución de concesión e tramitado o correspondente expediente de pagamento, as subvencións aos beneficiarios serán aboadas mediante transferencia bancaria.

Artigo 7º.-Compatibilidade.

Esta subvención é compatible con outras formas de axuda que o beneficiario poida obter de calquera Administración, entidade pública ou privada, sen que, en ningún caso, a suma das axudas percibidas poida superar o custo da actuación que se protexe.

Artigo 8º.-Garantías.

1. O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención levará consigo, ademais das sancións que puidesen corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu aboamento.

2. Os beneficiarios, ademais das obrigas establecidas no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, quedan sometidos á obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Vivenda e Solo así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións.

3. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 9º.-Rexistro de axudas e subvencións.

As subvencións que se outorguen integraranse, na forma que se estableza regulamentariamente, no Rexistro de axudas e subvencións, que será de acceso público.

Artigo 10º.-Prazo de solicitude.

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase a partir do día seguinte ao da data de publicación desta orde no DOG, e rematará o día 15 de setembro de 2006.

Artigo 11º.-Solicitudes.

As solicitudes deberán formalizarse mediante instancia dirixida á delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda por loca-

lización da vivenda, seguindo o modelo que se recolle no anexo a esta orde. Presentaranse nas oficinas da delegación provincial da Consellería de Vivenda e Solo que corresponda por razón da situación da vivenda, ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Estas solicitudes deberán ir xunto coa seguinte documentación:

a) Fotocopia compulsada do DNI do solicitante e, se é o caso, dos demais membros da unidade familiar.

b) Certificación bancaria acreditativa do préstamo cualificado obtido ao abeiro dos plans de vivenda, indicando data de formalización, inicio de amortización, convenio e ano a que se acolle, así como que se atopa en período de amortización.

c) Copia compulsada da escritura de compravenda, adjudicación ou, se é o caso, de obra nova rematada.

d) Certificado municipal de empadramento na vivenda obxecto das axudas.

e) De non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF, copia da notificación-liquidación emitida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria para os que presentaron o modelo de solicitude de devolución 104-105.

Nos demais casos, declaración responsable de todos os ingresos obtidos, xuntando, ademais, os seguintes documentos: declaración das circunstancias familiares, certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas en que estivese de alta no devandito exercicio e, de ser o caso, certificado de pensións ou prestacións periódicas, certificado do INEM e certificados das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.

f) De non ter sido presentada con anterioridade, solicitude de transferencia bancaria.

g) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes.

h) Acreditación da composición familiar e número de perceptores de ingresos, mediante copia cotexada da declaración do IRPF ou, no caso de non estar obrigado a presentala, declaración responsable e copia cotexada do libro de familia.

A solicitude de subvención implicará a autorización para que a Administración da comunidade autónoma poida solicitar información de carácter tributario ou económico que fose legalmente pertinente, no marco da colaboración que se estableza coa Axencia Estatal da Administración Tributaria ou con outras administracións públicas, para o cumprimento dos fins relacionados directamente coas funcións de recoñecemento, seguimento e control da subvención.

Artigo 12º.-Crédito orzamentario e contía.

Poderanse conceder subvencións por un importe de 400.000 € con cargo ao crédito que figure consignado para esta finalidade na aplicación 17.02.331A.783.3 do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2006.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

ANEXO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO XENTE MOZA ADQUIRENTE DE VIVENDAS DE PROTECCIÓN PÚBLICA. SUBVENCIÓN COMUNIDADE AUTÓNOMA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO VI419A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

EXPÓN:

Que adquiriu
 Que promoveu para uso propio

Unha vivenda de protección oficial
 Unha vivenda declarada protexida
 Unha vivenda xa construída
 Unha vivenda a prezo taxado

situada na localidade _____ rúa _____
 nº _____, piso _____, letra _____,

Que o número de expediente de adquisición ou de promoción para uso propio da vivenda é _____

Que obtivo préstamo cualificado formalizado entre o 1 de xaneiro de 1999 e a data de presentación, dentro do prazo, da solicitude destas axudas, e que se encontra en período de amortización.

Que a vivenda se destina a residencia habitual e permanente da persoa adquirente ou promotor/a para uso propio.

Que os ingresos familiares anuais, das partes xeral e especial da base imponible reguladas nos artigos 39, 40 e 51 do texto refundido do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, foron de _____ € .

Que a persoa solicitante e, se é o caso, os demais membros da unidade familiar teñen unha idade non superior a 35 anos na data de formalización da escritura pública de compravenda, de adxudicación, ou, de ser o caso, de obra nova rematada.

Xa que logo, e reunindo os requisitos establecidos na Orde do 6 de xullo de 2006 da Consellería de Vivenda e Solo,

SOLICITA:

A subvención complementaria prevista na referida orde para xente moza adquirente, adxudicataria ou promotora para uso propio de vivendas de protección pública.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 6 de xullo de 2006 pola que se aproban as bases e se convocan as subvencións complementarias destinadas a xente moza adquirente de vivendas de protección pública.</i>
SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE _____ de _____ de 200

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
		/ /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /

Delegación Provincial da Consellería de Vivenda e Solo en _____

DOCUMENTOS QUE DEBEN PRESENTAR XUNTO COA SOLICITUDE

- A) FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DA PERSOA SOLICITANTE E, SE É O CASO, DOS DEMAIS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR.
- B) CERTIFICACIÓN BANCARIA ACREDITATIVA DO PRÉSTAMO CUALIFICADO OBTIDO AO ABEIRO DOS PLANS DE VIVENDA, INDICANDO DATA DE FORMALIZACIÓN, INICIO DE AMORTIZACIÓN, CONVENIO E ANO A QUE SE ACOLLE, ASÍ COMO QUE SE ATOPA EN PERÍODO DE AMORTIZACIÓN.
- C) COPIA COMPULSADA DA ESCRITURA DE COMPRAVENDA, ADXUDICACIÓN OU, SE É O CASO, DE OBRA NOVA FINALIZADA.
- D) CERTIFICADO MUNICIPAL DE EMPADROAMENTO NA VIVENDA OBXECTO DAS AXUDAS.
- E) DE NON ESTAR OBRIGADA/O A PRESENTAR A DECLARACIÓN DO IRPF, COPIA DA NOTIFICACIÓN-LIQUIDACIÓN EMITIDA POLA AXENCIA ESTATAL DA ADMINISTRACIÓN TRIBUTARIA PARA OS QUE PRESENTARON O MODELO DE SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN 104-105.

NOS DEMAIS CASOS, DECLARACIÓN RESPONSABLE DE TODOS OS INGRESOS OBTIDOS, XUNTANDO, ADEMAIS, OS SEGUINTE DOCUMENTOS: DECLARACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES, CERTIFICADO DE RETRIBUCIÓN E RETENCIÓN DA EMPRESA OU EMPRESAS EN QUE ESTIVISE DE ALTA NO DEVANDITO EXERCICIO E, SE É O CASO, CERTIFICADO DE PENSIÓN OU PRESTACIÓN PERIÓDICAS, CERTIFICADO DO INEM, E CERTIFICADOS DAS ENTIDADES BANCARIAS DE RENDEMENTOS DO CAPITAL MOBILIARIO.

- F) DE NON TER SIDO PRESENTADA CON ANTERIORIDADE, SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA.
- G) DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS COMPETENTES.
- H) ACREDITACIÓN DA COMPOSICIÓN FAMILIAR E NÚMERO DE PERCEPTORES DE INGRESOS, MEDIANTE COPIA COTEXADA DA DECLARACION DO IRPF, OU, NO CASO DE NON ESTAR OBRIGADO A PRESENTALA, DECLARACIÓN RESPONSABLE E COPIA COTEXADA DO LIBRO DE FAMILIA.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR PARA OS EFECTOS DA SOLICITUDE DAS AXUDAS DE VIVENDA E AUTORIZACIÓN PARA SOLICITAR POR VÍA TELEMÁTICA AS ACREDITACIÓN RELATIVAS A INGRESOS E DÉBEDAS.*

Declaro/declaramos que son certos os datos desta declaración e que a unidade familiar está composta polos membros que se reflicten neste escrito. En aplicación do artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, e exclusivamente para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención que se solicita no impreso ao cal se xunta este documento, os asinantes autorizamos a Consellería de Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións. A Consellería de Vivenda e Solo, tramitadora do expediente de solicitude de axudas, poderá solicitar, á vista desta declaración, calquera outra documentación que considere necesaria para a acreditación dos datos achegados e que resulte necesaria para a resolución do expediente.

SOLICITANTE O PARENTESCO (1)	APELIDOS E NOME	DNI/NIF (2)	ESTADO CIVIL (3)	PERSOA CON DISCAPACIDADE (4)	INGRESOS DECLARADOS NO ESTRANXEIRO (5) (SI/NON)	SINATURA DO QUE AUTORIZA (6)

* A unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do IRPF está composta por: a) cónxuxes non separados legalmente e os fillos menores de idade ou maiores incapacitados xudicialmente ou coa patria potestade prorrogada. b) Pai ou nai solteiro/a, viúvo/a, divorciado/a ou separado/a legalmente e os fillos menores que con él ou ela convivan, así como os fillos maiores incapacitados ou coa patria potestade prorrogada. As referencias á unidade familiar para os efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas nunha unidade familiar, así como ás parellas de feito recoñecidas legalmente segundo a normativa establecida ao respecto.

- (1) Son solicitantes as persoas compradoras no caso de adquisición, as/os promotoras/es no caso de promoción para uso propio, e no caso de rehabilitación, as/os propietarias/os ou inquilinas/os da vivenda promotoras/es desta. EXEMPLO PARA A CUBRIR O IMPRESO: solicitante, cónxuxe e fillo.
- (2) Deberán presentarse as fotocopias dos DNI/NIF dos compoñentes da unidade familiar maiores de 18 anos ou dos menores no caso de que perciban ingresos propios.
- (3) S (Solteiro/a), C (Casado/a), V (Viúvo/a), D (Divorciado/a), S.L. (Separado/a legalmente), PF (Parella de feito legalmente recoñecida).
- (4) Enténdense por persoas con discapacidade as comprendidas no artigo 1.2 da Lei 51/2003 e deberá acreditarse esta circunstancia mediante o correspondente certificado.
- (5) Neste caso teranse que acreditar os ingresos autenticados pola Agregadoría Laboral correspondente ou Delegación Consular de España.
- (6) A sinatura implica que se autoriza a Consellería de Vivenda e Solo para a obtención telemática das acreditacións relativas aos datos persoais de ingresos e débedas necesarios en función da normativa reguladora das axudas e subvencións, e para os únicos efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención ou axuda en materia de vivenda que se solicita. Autorización que poderá ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido á Consellería de Vivenda e Solo. Para as persoas menores, considerárase a autorización no caso de que asinen os seus representantes legais. As persoas membros da unidade familiar maiores de 18 anos ou solicitantes que non asinen esta autorización deberán achegar directamente os certificados requiridos no impreso de solicitude das axudas.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 30 de abril de 2006 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B).

Convocado o proceso selectivo para o ingreso en distintas escalas do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), por orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 26 de decembro de 2005, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 5, do 9 de xaneiro de 2006, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

O número e composición do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso nas distintas escalas do corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), será o que se relaciona nos anexos.

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2006.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza

ANEXO I

Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B) escala de arquitectos técnicos

-Titular:

Presidencia: Belén Currás Prado, funcionaria da Xunta de Galicia.

Vogais:

M^a José Paniagua Mateos, funcionaria da Xunta de Galicia.

Jaime Núñez Sal, profesor da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Universidade da Coruña, en representación da Escola Galega de Administración Pública.

Manuel Díaz López, funcionario da Xunta de Galicia, en representación das organizacións sindicais.

Secretaría: María Chas de la Calle, funcionaria da Xunta de Galicia.

-Suplente:

Presidencia: Rosario Fernández-Albalat Ruiz, funcionaria da Xunta de Galicia.

Vogais:

Dolores Castillo Losada, funcionaria da Xunta de Galicia.

Ramón Vázquez Fernández, profesor da Escola Universitaria de Arquitectura Técnica da Universidade

da Coruña, en representación da Escola Galega de Administración Pública.

Francisco Xavier Salbado Cibes, funcionario da Xunta de Galicia, en representación das organizacións sindicais.

Secretaría: Sonia Romero Doniz, funcionaria da Xunta de Galicia.

ANEXO II

Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B) escala de enxeñeiros técnicos de obras públicas

-Titular:

Presidencia: Roberto Castro Blanco, funcionario da Xunta de Galicia.

Vogais:

Ramón Barrio Sieiro, funcionario da Xunta de Galicia.

Jerónimo Puertas Agudo, catedrático da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, en representación da Escola Galega de Administración Pública.

Luis Suárez Poza, funcionario da Xunta de Galicia, en representación das organizacións sindicais.

Secretaría: Camino Triguero Salas, subdirectora xeral de Coordinación Administrativa e Control Orzamentario, Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

-Suplente:

Presidencia: Ricardo López Escapa, funcionario da Xunta de Galicia.

Vogais:

Luis López Agra-Cadarso, funcionario da Xunta de Galicia.

Fermín Navarrina Martínez, catedrático da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña, en representación da Escola Galega de Administración Pública.

Mónica Pérez Veiga, funcionaria da Xunta de Galicia, en representación das organizacións sindicais.

Secretaría: Ana Rodríguez Barrena, funcionaria da Xunta de Galicia.

ANEXO III

Corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B) escala de topógrafos

-Titular:

Presidencia: Ramón Giménez de Azcárate Cornide, funcionario da Xunta de Galicia.

Vogais:

Francisco José Delgado Blanco, funcionario da Xunta de Galicia.

Silvino Fernández García, profesor titular da Escola Politécnica Superior de Lugo, da Universidade de Santiago de Compostela en representación da Escola Galega de Administración Pública.